

GALICIA/EUROPA, 1955-2005. MEDIO SÉCULO DE PROXIMIDADE

MANUEL JAIME BARREIRO GIL
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 19 de setembro de 2008

Aceptado: 25 de setembro de 2008

Resumo: A historia económica e social de Galicia está contextualizada en Europa, de maneira especialmente evidente desde mediados do século XX, cando se perfilan dúas grandes etapas de relación: a primeira, desde o ano 1950 ata o ano 1986, como país emigrante, e a segunda, desde o ano 1986 ata a actualidade, como rexión española integrada no sistema institucional europeo, e cuxa política económica se insire nas políticas comunitarias de cohesión e de converxencia.

Palabras clave: Galicia / España / Europa / Emigración / Cohesión / Converxencia.

GALICIA/ EUROPE, 1955-2005. HALF A CENTURY OF CLOSENESS

Abstract: The Economic and Social History of Galicia is contextualized in Europe. It is particularly evident since the mid-twentieth century, when two major stages can be outlined: the first, from 1950 to 1986, as a country of emigration, and the second, from 1986 to present, as Spanish region integrated into the European institutional system, and whose economic policy is embedded in the communitary policies of cohesion and convergence.

Keywords: Galicia / Spain / Europe / Emigration / Cohesion / Convergence

1. INTRODUCCIÓN

Galicia non precisou agardar á integración de España no sistema institucional comunitario europeo para ponderar a importancia de ser parte dunha das plataformas culturais, políticas e económicas máis importantes do mundo. O noso destino hai xa varios séculos que está vencellado a Europa, e a nosa historia, con páxinas claras e con outras escuras, como é lóxico, é plenamente europea.

Isto resulta máis evidente ca nunca na segunda metade do século XX. Despois da Segunda Guerra Mundial, a medida que se desenvolve o proceso de cooperación e de integración institucional dalgúns países europeos, desde as primixenias “comunidades” ata a actual Unión Europea, a historia de Europa –ou cando menos a historia conxunta dos países que participan nesa experiencia– incorpora unha dinámica centrípeta que resultou ser claramente frutífera tanto para o centro iniciativo como para a periferia inercial.

Unha das manifestacións máis evidentes e coñecidas desa frutuosidade foi a reconstrución da economía europea, logo do tremendo colapso bélico, en condicións tales que permitiron falar daquela –entre os anos 1950 e 1970– dunha “época douxada” ou mesmo dunha “milagre económica” europea.


Pois ben, xa naquel tempo Galicia recibiu froitos de tal bonanza grazas, sen máis, á veciñanza europea.

2. A RESITUACIÓN POLÍTICA DE ESPAÑA

No ano 1950, como é sabido, España saía dificultosamente do fiasco autárquico, que a tiña sumida nunha situación xeral de pobreza extrema. Con pactos basicamente militares cos Estados Unidos, subscritos arredor de obxectivos encadrados no contexto da Guerra Fría, logrou a reintegración na comunidade política internacional, da que fora excluída como resultado da derrota bélica dos totalitarismos. Grazas a iso, España, que tamén fora expresamente excluída do Plan Marshall, tomará unha senda de crecemento económico, apoiado na progresiva apertura ao exterior da súa economía. Esta recuperación terá os seus altibaixos ao longo da década de 1950, pero consumarase definitivamente a partir do ano 1959, coa posta en marcha do coñecido Plan de Estabilización.

Ben, o caso é que esa resituación de España no mundo tamén tivo consecuencias moi importantes para Galicia, e non só porque fluíran cara a ela os fondos e a asistencia técnica procedentes do “apoio” americano, senón principalmente por mor da apertura das fronteiras dos mercados laborais europeos, o que lle permitiu a Galicia atopar ocupación alternativa para os abondosos excedentes laborais que embalsaban as estruturas agrarias tradicionais.

Gráfica 1.- Saldos migratorios intercensais. Galicia (en emigrantes netos)




FONTE: OERGA (1975).

Galicia xa era terra de emigración antes desta andaina (Rodríguez Galdo, 1993, 1995), pero agora, ademais de se incorporaren tamén as mulleres masivamente á experiencia migratoria, cambian os destinos e aumentan algo máis ca considerablemente os saldos migratorios negativos. Aqueles son, principalmente, Alemaña, Bélxica, Francia, Gran Bretaña, Holanda e Suíza, é dicir, Europa. Polo que respecta aos saldos migratorios, despois da tregua nas saídas de emigrantes que se produciu na década dos anos trinta, no contexto da Guerra Civil española e mais da Primeira Guerra Mundial, tempada na que en Galicia se rexistra un excepcional saldo migratorio positivo decenal, recupérase folgadoamente a dinámica contraria previa e acéntuase (multiplicándose por dúas veces) a partir do ano 1950. Logo, entre os anos

1960 e 1975, como media o 23% da emigración española cara a Europa será galega.

A procedencia da inmensa maioría deses emigrantes é, como xa digo, rural, de modo que a súa saída tamén deixa pegada sobre a distribución sectorial da poboación ocupada, reducíndose drasticamente a agraria. No ano 1950 a porcentaxe da poboación ocupada no sector primario chega ao 71,7% do total, mentres que no ano 1975 ficaba reducida ao 42,9%, é dicir, case trinta puntos menos.

Gráfica 2.- Distribución da poboación ocupada en Galicia, 1950-1975 (en %)



FONTE: Elaboración propia a partir do INE (varios anos).

Entre os anos 1960 e 1973 abandonaron as explotacións agrarias galegas 228.929 traballadores e traballadoras. Representaban, como media, o 8,82% da poboación total de feito de Galicia. O impacto económico e social de semellante desprazamento poboacional non puido deixar de ser importante.

3. GALICIA TAMÉN CAMBIA DE RUMBO


Velaí, efectivamente, o inicio, e ademais irreversible, da modernización económica de Galicia: a agricultura tradicional, baseada na abondosa dispoñibilidade de man de obra barata, volvíase inviable. Só hai que lamentar que o impulso fora esóxeno, non endóxeno, o que levou a que o proceso modernizador fora demasiado lento e mesmo ás veces asumido máis desde posicións de resistencia ca de iniciativa, o que tamén volveu desiguais os seus resultados. Tamén foi unha experiencia con moi elevados custos sociais, que inclúen o desarraigamento social e cultural de moitas persoas e familias. Pero aínda así, Galicia cambiaba de rumbo. E o vento que enchía as súas velas viña do norte, de Europa.

Esta creba, desde o meu punto de vista, ten unha importancia crucial, aínda que só fora por este efecto de presión para a transformación das estruturas agrarias (Colino e Pérez Touriño, 1983; López Iglesias, 1994). Aínda que tamén lle habería que engadir o que representaron para a economía do país, e moi especialmente para o financiamento da súa emerxencia urbana, as remesas do aforro emigrante¹. Un in-

¹ Lémbrese que as remesas procedentes da emigración, principalmente da europea, entre os anos 1950 e 1969 financiaban de media anual un 20% do déficit da balanza comercial. Véxase Martínez Serrano *et al.* (1982).

dicador deste segundo efecto pode atoparse na observación de que entre os anos 1950 e 1975 a poboación galega asentada nunha contorna urbana (residente en entidades con máis de 2.000 habitantes) aumentou preto dun 75%, mentres que a rural (que reside en entidades de menos de 2.000 habitantes) descendía en case un 70%. A subida pola baixada. Outro indicador, se cadra menos directo, é o dato de que a poboación ocupada na construción, que quedaba relegada ao 4,4% no ano 1950, ascende ata o 11,9% no ano 1975 (Fernández Leiceaga e López Iglesias, 2000). E este vento tamén era europeo.

Gráfica 3.- PIB galego, 1955-1975 (en millóns de pesetas a prezos do ano 1970)



FONTE: Fundación BBVA (1997).

Ambos os dous efectos forman parte dunha tendencia económica xeral que queda reflectida na evolución positiva do produto interior bruto do país, que entre os anos 1955 e 1975 experimenta un aumento global do 184,19%².

4. CRECEMENTO DESIGUAL SEN CONVERXENCIA

Agora ben, non hai que levarse a engano por causa de usar as cifras sen comparacións que permitan relativizar a súa dimensión real. Esa fase de crecemento económico que indubidablemente se produciu en Galicia entre os anos 1955 e 1975 tamén se produciu pero con máis intensidade no conxunto de España. O valor desamisma variable e para ese mesmo período (1955-1975) aumenta en España un 260,41%, persistindo, ademais, durante todo o período unha tendencia decrecente da proporción que representa o PIB galego sobre o español.


No conxunto dos países europeos citados antes como destino principal da emigración galega o aumento é do 121,93% (Maddison, 2002). Así que, con respecto a esa parte de Europa, Galicia gaña algunha posición, pero con respecto ao conxunto de España pérdela.

As gráficas resultantes son moi distintas a aquelas outras; a valoración, pois, debe ser matizada. E non se trata só de sinalar os diferentes puntos de partida de cada

² En termos *per cápita* o efecto parece maior, pois a poboación de feito de Galicia descende ininterrompidamente entre os anos 1955 e 1975. Véxase Fernández Leiceaga (1995).


unha das entidades consideradas, que son moi distantes, nin o feito de que esta mesma medida en termos *per cápita* reduza as vantaxes tanto para Galicia coma para España. En realidade, abonda con sinalar que os fluxos financeiros que proceden de Europa pola vía, principalmente para o que respecta a Galicia, de remesas de aforro emigrante non teñen unha canalización institucional vencellada a un programa predeterminado de investimento. Non contempla tal feito a Administración Pública española da época nin existe en Galicia unha propia Administración que sexa quen de facelo. A consecuencia é o esvaemento deses recursos nun xogo dispar de iniciativas individuais, circunstancialmente coincidentes na súa maior parte, na adquisición de vivendas e de locais comerciais nos centros urbanos, deixándose levar por unha conxuntura urbanística favorable, e moi poucas veces en investimento dirixido á modernización das estruturas agrarias que os remitentes de aforro abandonaran antes, e nunca ou case nunca en investimento industrial (Fernández Leiceaga e López Iglesias, 2000).

Gráfica 4.- PIB Galicia/PIB España, 1955-1975
(en %)



FONTE: Fundación BBVA (1997).

Gráfica 5.- Aumento do PIB entre os anos 1955 e 1975. Galicia, España, UE-15 (en %)



FONTE: Fundación BBVA (1997).

Ese cuantioso investimento, pois, non foi orientado buscando o efecto conxunto dunha modernización estrutural favorable para o crecemento económico cara a un obxectivo, podemos dicir, macroeconómico.

Podería resultar –como resultou– unha consecuencia global positiva, pero da combinación espontánea dos efectos singulares, sen que iso fora un obxectivo de-

bida e expresamente definido, propio dunha política económica orientada para tal fin. E ao non definírense obxectivos, tampouco se definiron, claro está, instrumentos de avaliación dos resultados. Así que, aínda que en termos de crecemento do produto interior bruto as cousas lle foran ben a Galicia e a España entre os anos 1955 e 1975, non podemos saber se lle poderían ter ido aínda mellor e, desde logo, con maiores efectos modernizadores sobre as estruturas produtivas.

O que si sabemos é que no ano 1975 esa modernización estaba ata tal punto incompleta que ambas as dúas –Galicia e España– tiveron que someterse a un proceso de reconversión industrial de moi elevados custos económicos e sociais (Rojo, 2002, pp. 397-436; Guerra e Tezanos, 1992). Para ofrecer un indicador simple deses custos pode abondar con sinalar que a taxa de desemprego –que era na Galicia do ano 1976 do 1,7%– no ano 1986, só dez anos despois, e mentres se executaba esa reconversión á que me referín, acadaba o 13,3%: o número de desempregados multiplicárase por sete. Seguramente abonda con evidenciar este feito para poder concluír que o proceso de crecemento económico que indubidablemente se produciu en Galicia entre os anos 1950 e 1975 non foi completo nin acertadamente orientado, pois crebou dramaticamente fronte a unha conxuntura desfavorable.

5. A INTEGRACIÓN IMPLICA PLAN

Na década dos anos 1980, porén, producíronse en Galicia tres feitos transcendentais que permitiron mudar de raíz as condicións nas que se define e executa a política económica tanto en Galicia coma en España.

O primeiro deles ten lugar no ano 1981 coa aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia, que inclúe, como é obvio, a institucionalización dun Goberno propio, obrigado a establecer obxectivos específicos de crecemento económico e de cohesión social. Por primeira vez na súa historia, Galicia adquire personalidade política e xurídica que a volve quen de trazar as liñas estratéxicas dunha política económica diferenciada, axustada ás necesidades igualmente diferenciadas da súa realidade económica e social.

O segundo deses feitos, que ao coincidir no tempo potencia a virtualidade transformadora do Estatuto de autonomía, é a execución do programa de reconversión industrial español, ao que me referín xa varias veces, que implica, cando menos, o establecemento dun plan plurianual de actuación económica, que é perceptible nos orzamentos xerais do Estado de cada ano entre cando menos os anos 1983 e 1988, orientado á modernización das estruturas produtivas e que, dada a nova institucionalización descentralizada do Estado, require procedementos de negociación renovados e inescusablemente atentos ás realidades das novas comunidades autónomas e tamén, claro está, ás máis afectadas pola obsolescencia das estruturas anteriores, como era o caso de Galicia. Ao feito mesmo, xa importante de seu, de que se defina

un “programa” de reconversión, hai que lle engadir, pois, o de que a política económica española ten que integrar definitivamente unha dimensión territorial³.

O terceiro feito transcendente é a integración de España na Unión Europea coincidindo, ademais, co momento en que se inclúen na Acta Única as políticas de cohesión económica e social, que implicaron a aplicación dos chamados fondos estruturais (Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, Fondo Social Europeo e Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) co obxectivo de achegar as rendas por habitante entre os diversos países e rexións europeas.

Este terceiro feito representa para Galicia unha situación excepcional. Foi cualificada como *rexión obxectivo 1*, é dicir, de atención preferente por parte da Unión Europea, dado o seu atraso relativo, para dirixir cara a ela cuantiosos recursos co propósito de, a través dos correspondentes investimentos, lograr o achegamento da renda por habitante de Galicia á media da Unión Europea. Os fondos europeos podían chegar a cubrir o 75% dos investimentos promovidos conxuntamente pola propia Unión Europea, polo Goberno de España e pola Xunta de Galicia.

Entre os anos 1986 e 2006 Galicia recibiu por eses conceptos 12.895 millóns de euros, é dicir, preto de dous billóns de pesetas⁴. Non parece preciso esforzarse en resaltar que se trata dunha cifra importantísima. Representa o 11,7% do que recibiu polas mesmas razóns España enteira. Só supera a Galicia na distribución a Comunidade Autónoma de Andalucía, que acada o 23,3% do total⁵.

6. CRECEMENTO, MODERNIZACIÓN E CONVERXENCIA MODERADA


A consecuencia de semellante esforzo investidor foi o aumento do produto interior bruto por habitante o que nos vale de indicador para ponderar a evolución económica do país. O seu crecemento en termos absolutos é ininterrompido e notable durante o longo período que vai desde o ano 1955 ata o ano 2005, malia a relativa moderación do ritmo de crecemento rexistrado entre os anos 1975 e 1996, de cuxas causas e razóns xa falamos máis atrás. A partir dese último ano, o produto interior bruto de Galicia, xa en euros, experimenta o crecemento que se representa na gráfica 6.

³ Unha das evidencias disto que digo é a aprobación no ano 1980 da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas, na que se sinalan as achegas financeiras que deben facerse ás entidades territoriais desde os orzamentos xerais do Estado.

⁴ Non é doado ofrecer cifras concretas e menos aínda coincidentes sobre estas cuestións. As fontes non sempre manteñen criterios para a serie completa e ao seren moi diversas as fontes e as Administracións que operan con elas, sempre é preciso facer cálculos e estimacións nas que tamén os autores e os investigadores teñen opcións metodolóxicas diferentes. Unha última achega feita desde Galicia é a de José Francisco Armesto, da Universidade de Vigo.

⁵ A Fundación Pi i Sunyer, primeiro, e o Instituto de Dereito Público, despois, veñen ofrecendo desde o ano 1989 e con periodicidade anual o *Informe sobre comunidades autónomas*, no que se recollen estudos sobre todas as manifestacións concluíntes dos programas políticos da Unión Europea, de España e das propias comunidades autónomas. Desde o ano 1986, o Ministerio de Economía e Facenda tamén ofrece un *Informe anual sobre o financiamento das comunidades autónomas*. Ambos os dous documentos, conxuntamente, recompilan e ordenan unha abundosa e interesantísima información sobre a evolución do chamado Estado das autonomías.

Gráfica 6.- Galicia: produto interior bruto, 1995-2006 (en millóns de euros constantes do ano 1995)




FONTE: IGE (varios anos).

A diferenza obvia entre as pendentes das liñas representativas para os períodos 1955-1975 e 1995-2005 evítanos facer novos cálculos para poñer de relevo que as taxas de crecemento do produto interior bruto son ben máis moderadas no segundo caso. Xa non estamos na xeira dos “milagres”; nin nós, nin España, nin o resto dos europeos integrados na UE-15. Pero para Galicia non hai aí consolo para a constatación de que só logra un proveito relativo das políticas europeas de cohesión, dirixidas a buscar a converxencia en renda entre as rexións europeas, nin sequera apoiándose no trato preferente que, como xa dixen, se lles deu ás máis atrasadas, entre as que se atopaba ela. No ano 2005 o produto interior bruto por habitante de Galicia (18.651 euros) só equivalía ao 80,74% do de España (23.100 euros), e ao 79,36% do da UE-25 (23.500 euros). É certo que entre os anos 2000 e 2005 o PIB galego por habitante aumentou nun 30,4%, considerablemente por riba da media española –que foi do 24,2%– e mesmo da UE-25 –que foi do 16,9%–, pero insuficiente para modificar a situación de partida (Fundación BBVA, 1997): entre as rexións españolas Galicia ocupa o décimo cuarto lugar na orde que esa variable podía marcar.

Esta vez a comparación Galicia/España, que tamén sinalamos para o período 1955-1975, resulta igualmente descendente para o período 1995-2004.


Gráfica 7.- PIG Galicia/PIB España, 1995-2005



FONTE: IGE (varios anos) e INE (varios anos).

En realidade, para este período (1995-2005) a converxencia en produto interior bruto por habitante entre as diversas comunidades españolas con respecto á media europea, medida como a variación que representa porcentualmente a variable sobre a referencia da UE-27 (100) en ambos os dous anos, é moderada e con notables diferenzas entre elas. España e só unha das súas comunidades –Cantabria– chegaron ao nivel da media no ano 2005 sen telo no ano 1995. Quedan por baixo desa cota nada menos que once sobre dezasete, e entre elas Galicia.

Gráfica 8.- Converxencia das comunidades autónomas españolas coa media da UE-27. PIB por habitante, 1995-2005 (en %)




FONTE: Eurostat.

É preciso recoñecer que o produto interior bruto por habitante aumentou en todas as comunidades autónomas españolas entre os anos 1995 e 2005, e que todas melloraron posicións con respecto á media da UE-27. Tamén que tal mellora debe ser atribuída, principalmente se non exclusivamente, á orientación das políticas comunitarias de converxencia e, sobre todo dentro delas, ao fluxo de recursos financeiros para o investimento que representan os fondos estruturais e de Cohesión (Cerejio, Turrión e Velázquez, 2007; Comisión Europea, 2002; De la Fuente, 2002). Pero xa vemos na gráfica que con moderados resultados.

Estes resultados son, ademais, moi dispares, disparidade que aumenta considerablemente se substituímos o punto de comparanza da UE-27 polo de España. En xeral, o conxunto medra máis cás súas partes: entre os anos extremos do período nada menos que doce comunidades ven como o seu PIB por habitante se reduce en relación porcentual coa media do de España: Madrid (-0,7), Navarra (-0,4), Cataluña (-3,0), Baleares (-10,8!), A Rioxa (-7,7), Aragón (-1,4), Castela e León (-1,9), a Comunidade Valenciana (-3,2), Canarias (-5,6), Melilla (-0,8), Asturias (-0,6) e Castela-A Mancha (-2,6). Galicia límitase practicamente a non perder posición, pois só aumenta a participación porcentual sobre a media do PIB por habitante español en 0,1 puntos.

É obvio que a nivel español a política de converxencia operou con máis ineficiencia que a nivel europeo. A nivel nacional os resultados son peores que a nivel europeo. A gráfica 9 é ben expresiva: as liñas trazan practicamente o mesmo debuxo. Só se aprecian diferenzas notables para o País Vasco, Cantabria e Ceuta, en positivo, e para A Rioxa e sobre todo para Baleares, en negativo.

Gráfica 9.- Converxencia das comunidades autónomas españolas coa media de España. PIB por habitante, 1995-2005 (en %)



FONTE: Eurostat.

Polo que respecta á contía do produto interior bruto por habitante, Galicia gaña unha posición no *ranking* español, pois ocupaba a décimo quinta no ano 2000, quedando por detrás dela Andalucía e Extremadura, e pasa a ocupar a posición décimo cuarta no ano 2005, superando tamén neste momento á Comunidade de Castela-A Mancha. Pero o avance é cativo, e aínda máis se reparamos que entre os anos de referencia (1995-2005) a poboación española aumenta a un ritmo anual algo superior ao 1%, mentres que a galega ten un crecemento nulo, e logo de ter xa decrecido nun -0,05% entre os anos 1985 e 1995. Isto, como é obvio, matiza a avaliación do dato anterior: tomando este período enteiro, a taxa de crecemento do PIB español a prezos constantes é do 3,69%, mentres que a galega queda no 2,69%. Durante a primeira parte desa década, pois, os rexistros son pouco favorables. O efecto conxunto, en consecuencia, é moderado.

7. NO CONTEXTO DA REVISIÓN DA ESTRATEXIA DE LISBOA E DUN CAMBIO DE GOBERNO EN GALICIA

No ano 2005, no contexto da revisión da Estratexia de Lisboa (Montalvo, 2005; Barreiro Gil, 2005) na que a evolución do produto interior bruto por habitante representa un indicador principal, procédese á elaboración do *Programa nacional de reformas de España*, no que se considera a participación das comunidades autóno-

mas e mesmo a posibilidade de que cada unha delas elabore o seu propio “programa” de modernización e crecemento. Todo isto viña precedido dunha declaración do Comité das Rexións da Unión Europea na que se consideraba indispensable incorporar máis decididamente a dimensión territorial, rexional e local á aplicación da Estratexia de Lisboa para que, en calquera caso, eses programas de modernización e crecemento non desatendesen os requirimentos de equilibrio e de cohesión territorial⁶ que, á vista dos resultados logrados en cada país, debería ser un obxectivo reforzado⁷.

No ano 2005 tamén se produce un cambio de Goberno en Galicia, e este novo Goberno neste novo contexto afronta a redefinición da política económica rexional coa redacción do *Marco estratéxico de converxencia económica de Galicia 2007-2013* e, dentro del, o *Programa operativo FEDER-Galicia 2007-2013* (Xunta de Galicia, 2008), tendo como marco de referencia as *Directrices estratéxicas comunitarias 2007-2013*, derivadas da revisión intermedia da Estratexia de Lisboa e dos acordos acadados para estes efectos no Consello de Gotemburgo do ano 2001. O programa, elaborado en coherencia co *Programa nacional de reformas de España*, foi avaliado e aprobado pola Comisión Europea⁸.

O reto do novo Goberno da Xunta de Galicia constituído no ano 2005 é o de “*utilizar eficientemente os instrumentos da política de cohesión para converxer economicamente con España e con Europa, e facer de Galicia unha rexión máis competitiva no ano 2013*”, para o que define como necesarias a renovación das bases de competitividade, do aumento do potencial de crecemento e produtividade, e mais do reforzamento da cohesión social, todo isto a través do fomento da economía do coñecemento.

Estando xa debidamente editado, non é preciso engadir unha descrición polo miúdo deste “plan de traballo” no que se precisan obxectivos finais e prioridades, así como instrumentos de autoavaliación dos avances. Para dispoñer de resultados abondo consolidados da aplicación destes instrumentos aínda é demasiado cedo. Aquí quedamos, pois, polo momento.

BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO GIL, M.J. (2005): “La Estrategia de Lisboa. Estado de la cuestión”, *II Sesión del Foro de la Ciudadanía: los retos del modelo social y económico europeo*. Vigo: Fundación Alternativas.

⁶ Dictamen del Comité de las Regiones sobre la evaluación intermedia de la Estrategia de Lisboa: propuesta de Decisión del Consejo relativa a las directrices para las políticas del empleo de los Estados miembros (DOC 43, de 18/02/2005).

⁷ Para o caso de España eses resultados, xa comentados en liñas anteriores, tamén poden ser avaliados en Caixa de Catalunya (2006). Tamén se pode acudir a De la Fuente e Estrada (2005).

⁸ A Comisión das Comunidades Europeas adoptou o *Programa operativo de intervención comunitaria do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do obxectivo de converxencia para a Comunidade Autónoma de Galicia en España*, por Decisión C (2007) 6079, de 30 de novembro de 2007, CCI 2007ES161PO005.

- CAIXA DE CATALUNYA (2006): "La Estrategia de Lisboa: análisis del cumplimiento de sus objetivos por países y por comunidades autónomas", *Informe sobre Coyuntura Económica*, núm. 111, XI.
- CEREIJO, E.; TURRIÓN, J.; VELÁZQUEZ, F.J. (2007): *Indicadores de convergencia real para las regiones españolas*. Madrid: Fundación de las Cajas de Ahorros.
- COLINO, X.; PÉREZ TOURIÑO, E. (1983): *Economía campesina e capital. A evolución da agricultura galega, 1960-1980*. Vigo: Galaxia.
- COMISION EUROPEA (2002): *Las acciones estructurales comunitarias en España y sus comunidades autónomas, 2000-2006*. Madrid.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1995): "Dinámica da poboación de Galicia", en X. Fernández Leiceaga e outros [coord.]: *Estudos en homenaxe ao profesor X.M. Beiras*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X.; LÓPEZ IGLESIAS, E. (2000): *Estructura económica de Galicia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- FUNDACIÓN BBVA (1997): *Renta nacional de España y su distribución provincial. Síntesis. Panorama de crecimiento económico 1960-1996. Comparación de las comunidades autónomas con la Unión Europea*.
- FUENTE, A. DE LA (2002): *Fondos estructurales, inversión en infraestructuras y crecimiento regional*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- FUENTE, A. DE LA; ESTRADA, A. (2005): *Indicadores de cumplimiento regional de los objetivos de Lisboa. Metodología, fuentes y resultados*. Madrid: Ministerio de Economía y Hacienda.
- GALICIA. XUNTA (2007): *Marco estratéxico de converxencia económica de Galicia 2007-2013*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- GALICIA. XUNTA (2008): *Programa operativo FEDER-Galicia, 2007-2013*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- GUERRA, A.; TEZANOS, J.F. (1992): *La década del cambio. Diez años de Gobierno socialista, 1982-1992*. Madrid: Sistema.
- INE (varios años): *Anuarios Estadísticos de España*. Madrid: INE.
- LÓPEZ IGLESIAS, E. (1994): *Demografía e estruturas agrarias. Análise da dinámica demográfica e das mudançs nas estruturas fundiárias da agricultura galega, 1950-1993*. (Tese de doutoramento en microficha). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- MADDISON, A. (2002): *La economía mundial. Una perspectiva milenaria*. Madrid: Mundiprensa.
- MARTÍNEZ SERRANO *et al.* (1982): *La economía española, 1960-1980*. Madrid: Hermann Blume.
- MONTALVO, A. (2005): "La Estrategia de Lisboa: de la política económica a la economía política", *Información Comercial Española* (monográfico sobre 75 años de política económica española), pp. 505-529
- OERGA (1975): *Análisis y proyección de los recursos humanos en Galicia*. Madrid.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1993): *Galicia, país de emigración*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RODRÍGUEZ GALDO, M.X. (1995): *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Barreiro, M.J.

Galicia/Europa, 1955-2005...

ROJO, L.A. (2002): “La economía española en la democracia, 1976-2000”, en F. Comin, M. Gernández e E. Llopis [ed.]: *Historia económica de España, siglos XIX y XX*, pp. 397-436. Barcelona: Crítica.